

Acordo do Consello de Goberno, do 28 de maio de 2025, polo que se aproba o texto consolidado da normativa que regula a progresión e a permanencia do estudantado de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña

PREÁMBULO	1
CAPÍTULO I. Disposicións xerais	3
Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación.....	3
CAPÍTULO II. Requisitos de permanencia e progresión nos estudos	3
Artigo 2. Requisitos de permanencia na primeira matrícula.....	3
Artigo 3. Requisitos de permanencia para a continuación de estudos.....	4
Artigo 4. Cambio de universidade e/ou estudos universitarios oficiais e cambio de custodia de expediente	5
Artigo 5. Requisitos de progresión para a continuación de estudos	5
CAPÍTULO III. Incumprimento da norma e información do proceso.....	5
Artigo 6. Efectos do incumprimento dos requisitos de permanencia.....	5
Artigo 7. Autorización especial de matrícula	6
Artigo 8. Autorización excepcional de permanencia	7
Artigo 9. Información e seguimento do proceso.....	8
Disposicións adicionais	8
Disposición adicional primeira. Centros adscritos	8
Disposición adicional segunda. Difusión e publicidade	8
Disposicións transitorias.....	8
Disposición transitoria primeira. Aplicación dos requisitos de permanencia e progresión ao estudantado de programas de simultaneidade de estudos de grao	8
Disposición transitoria segunda. Estudantes afectados pola normativa anterior	9
Disposicións derogatorias	11
Disposición final. Entrada en vigor	12
ANEXO. Esquema xeral do proceso de permanencia.....	13

PREÁMBULO

A consideración da diversidade do colectivo discente é esencial á hora de planificar e ordenar as ensinanzas universitarias oficiais co obxecto de ofrecer un servizo público de calidade, que teña presente a variedade de persoas que poidan cursar estudos universitarios e garanta unha adecuada relación entre a duración dos estudos e a

permanencia do estudantado na universidade. Non se debe perder de vista que a dita permanencia implica a utilización de recursos públicos que son, pola súa propia natureza, limitados.

As demandas da sociedade actual, a lexislación vixente e a responsabilidade social, que debe caracterizar a actividade dunha institución de educación superior, fan necesario que a Universidade da Coruña dispoña de normas de permanencia que permitan compatibilizar o labor universitario de recompilación, síntese e transferencia de coñecemento ao estudantado cun adecuado aproveitamento dos fondos públicos destinados á formación universitaria. Así mesmo, resulta preciso ordenar o progreso académico de xeito que a maioría do alumnado poida acadar un bo rendemento, implicar o estudantado no avance e o progreso dos seus estudos e axustar a matrícula ao volume de créditos que un/ha estudante de media pode razoablemente superar no marco ECTS. Deste xeito materialízase a conxunción entre a protección de dereitos do estudantado co adecuado exercicio da súa responsabilidade, aspecto a que alude o Estatuto do estudante universitario (Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro).

Na actualidade, moito estudantado enfronta unha ampla diversidade de situacións alleas á súa vontade que lle dificulta e impide un progreso óptimo e mesmo chega a comprometer a súa permanencia nos estudos universitarios, o que evidencia que a normativa vixente xa non resulta acaída. Entre estas situacións pódense citar problemas de corte socioeconómico, laboral, de saúde (incluída a mental), de prestación de coidados, e outros. Así mesmo, é preciso recoñecer o dereito das persoas a recibir unha segunda oportunidade académica transcorrido un tempo razoable tras as consecuencias destas situacións.

Tendo en conta todo o anterior, faise necesario actualizar a actual norma que regula a progresión e a permanencia dos/as estudantes de grao e mestrado na Universidade da Coruña, aprobada polo Consello de Goberno e o Consello Social en maio de 2017, para a adaptar a esta diversidade cada vez máis evidente na nosa sociedade.

A Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, establece que a autonomía das universidades comprende a admisión, o réxime de permanencia e a verificación dos coñecementos adquiridos polos/as estudantes. O artigo 47 f) sinala que o Consello Social deberá informar sobre as normas que regulen o progreso e a permanencia do estudantado na universidade. A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, no seu artigo 75.4 h), recoñécelle ao Consello Social, entre as funcións de supervisión de actividades universitarias, a de aprobar as normas que regulen o progreso e a permanencia na universidade dos e das estudantes de acordo coas características dos respectivos estudos.

Polo exposto, por proposta do Consello de Goberno que tivo lugar o 18/07/2024, o Pleno do Consello Social da UDC, reunido en sesión ordinaria o 18/07/2024, ao abeiro do que está disposto no artigo 47 f) da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, e do art. 75.4 h) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, acordou aprobar a norma que regula o réxime de permanencia

e a progresión dos estudantes de grao e de mestrado universitario na Universidade da Coruña.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Esta norma ten por obxecto regular a progresión e a permanencia do estudantado de grao e de mestrado universitario da Universidade da Coruña (UDC), no marco do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade.

2. A norma seralle de aplicación ao estudantado matriculado en estudos oficiais de grao ou de mestrado universitario, na UDC.

3. Quedan excluídos/as do ámbito de aplicación desta norma:

a) Estudantes que se atopen matriculadas/os en titulacións conxuntas con outras universidades nacionais ou estranxeiras, conducentes á obtención dun único título oficial de grao ou mestrado universitario, que se rexerán polo que para ese efecto establezan os respectivos convenios, ou polo que determinen as memorias de verificación correspondentes.

b) Estudantes da UDC que se atopen matriculados/as nalgún dos programas de simultaneidade de estudos aprobados polo Consello de Goberno, que se rexerán polo que para ese efecto establezan as súas propias normativas, sen prexuízo do disposto na disposición transitoria primeira desta norma.

c) Estudantes participantes en estudos regulados por convenios de dobre titulación con universidades estranxeiras, que se rexerán polo que para ese efecto establezan os respectivos convenios.

d) Estudantes doutras modalidades de matrícula non destinadas á obtención dunha titulación oficial.

e) Estudantes que participen en programas de mobilidade, durante o ano que cursen estudos noutras universidades.

f) Estudantes que teñan concedido o réxime adaptado de dedicación ao estudo, segundo establece a Normativa que regula o réxime de dedicación ao estudo e o procedemento de dispensa académica para o estudantado de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña.

CAPÍTULO II. Requisitos de permanencia e progresión nos estudos

Artigo 2. Requisitos de permanencia na primeira matrícula

1. O estudantado de inicio de estudos dunha titulación oficial de grao ou mestrado, deberá superar nese curso académico polo menos 12 créditos, se a matrícula se efectuou no réxime de dedicación a tempo completo, e 6 créditos no réxime de

dedicación a tempo parcial para poder ter a consideración de estudante de continuación de estudos na mesma titulación no curso académico seguinte.

2. Para os efectos do cómputo de créditos a que se refire o parágrafo anterior, non se considerarán como superados os créditos recoñecidos, validados ou adaptados.

Artigo 3. Requisitos de permanencia para a continuación de estudos

1. Os requisitos de permanencia para o estudiantado de continuación de estudos aplícaselle aos tres últimos cursos académicos matriculados e son os seguintes:

- a) Estudiantado matriculado en tres cursos académicos a tempo completo: 60 créditos
- b) Estudiantado matriculado en dous cursos académico a tempo completo e un curso a tempo parcial: 48 créditos.
- c) Estudiantado matriculado nun curso académico a tempo completo e dous cursos a tempo parcial: 36 créditos.
- d) Estudiantado matriculado en tres cursos académicos a tempo parcial: 30 créditos.

Para estes efectos, o estudiantado a que lle resten menos de 60 ECTS para rematar os seus estudos, terá a consideración de alumnado a tempo parcial.

2. Para os efectos do cómputo de créditos a que se refire o parágrafo anterior, non se considerarán como superados os créditos recoñecidos, validados ou adaptados.

3. Os requisitos de permanencia indicados no parágrafo primeiro deste artigo non serán de obrigado cumprimento para o estudiantado que teña pendente de superar, para poder obter a súa titulación, algún destes contidos:

- a) O Traballo de Fin de Grao/Traballo de Fin de Mestrado.
- b) O Traballo de Fin de Grao/Traballo de Fin de Mestrado e un máximo de 36 ECTS de materias definidas no plan de estudos como “Prácticas Externas” de carácter obrigatorio.
- c) O Traballo de Fin de Grao/Traballo de Fin de Mestrado e un máximo do 10 % dos créditos totais do seu plan de estudos.

En calquera caso, o número de matriculacións que se poden realizar amparándose nas situacións recollidas neste apartado, combinadas ou non, non poderá ser superior a catro.

4. A comprobación dos requisitos de permanencia do estudiantado de continuación de estudos levarase a cabo, para os efectos desta normativa, por bloques de tres cursos que non se solapen entre si (disxuntos) polo que os cursos que formen parte dun bloque non formarán parte do seguinte, agás o establecido nos artigos 7.4 e 8.4 desta normativa. Os cursos que se valoran serán os tres últimos en que o/a estudante se matriculou na súa titulación.

Artigo 4. Cambio de universidade e/ou estudos universitarios oficiais e cambio de custodia de expediente

Esta normativa seralles de aplicación ao estudantado que accedeu con estudos universitarios oficiais españois parciais que sexa admitido na UDC; ao estudantado desta universidade que cambie de titulación; e ao estudantado procedente de estudos estranxeiros parciais ou totais, neste último caso sen homologación ou declaración de equivalencia, que obteñan praza na UDC. En todos estes casos, tomarase como punto de inicio a súa matrícula na titulación en que resultaren admitidos.

Tamén lles será de aplicación ao estudantado que acceda a través do procedemento de cambio de universidade de custodia de expediente. Neste caso, considerarase o expediente que provén da universidade de orixe como propio da UDC.

Artigo 5. Requisitos de progresión para a continuación de estudos

1. O alumnado de continuación de estudos deberase matricular do número de créditos que lle corresponder segundo a Norma vixente da UDC que regule o réxime de dedicación ao estudo.
2. O alumnado de grao (mestrado) deberase matricular de todos aqueles créditos de formación básica e obrigatoria (obrigatorios) que non teña superados en cursos anteriores da titulación, sen exceder o máximo de créditos permitidos na Norma vixente da UDC que regule o réxime de dedicación ao estudo. O estudantado de titulacións que recollan na memoria verificada do seu plan de estudos outras previsións ao respecto deberase acoller a estas.
3. O estudante de grao e de mestrado que estean a participar nalgún programa de mobilidade exceptúanse da obrigatoriedade establecida no apartado anterior.
4. Naqueles casos en que o número de créditos de formación básica e obrigatorios, pendentes de cursos anteriores, supere o número de créditos en que se queira matricular o estudantado con dedicación a tempo parcial non será necesario que se matricule de todos eles; porén, a matrícula nestes créditos será prioritaria.

CAPÍTULO III. Incumprimento da norma e información do proceso

Artigo 6. Efectos do incumprimento dos requisitos de permanencia

1. De non cumprir cos requisitos de permanencia, o estudantado será apartado temporalmente dos estudos que estaba cursando e non os poderá proseguir na UDC ata transcorrer polo menos un período de tres cursos se fose estudante de grao, ou de polo menos dous cursos se fose estudante de mestrado, agás que se resolva favorablemente a súa petición conforme aos artigos 7 e 8 desta normativa.
2. Transcorridos os ditos períodos, a autorización para se matricularse de novo nos mesmos estudos seralle solicitada ao decanato/dirección do centro que xestione o título en cuestión. O estudantado que estea nesta circunstancia será considerado de

continuación de estudos, tomando como primeira matrícula a do último curso académico en que estivo matriculado.

Un/ha estudante so poderá ser apartado/a temporalmente dunha titulación na UDC por non cumprir requisitos de permanencia nunha única ocasión. De ser apartado unha segunda vez, o/a estudante deberá abandonar definitivamente os estudos da titulación de grao ou mestrado en que se produza esta circunstancia.

Artigo 7. Autorización especial de matrícula

1. De non se cumprir os requisitos de permanencia recollidos nos artigos 2.1 ou 3.1 desta normativa, a/o estudante poderalle solicitar ao decanato ou dirección do centro, xustificando debidamente as causas do seu baixo rendemento, unha autorización especial para se matricular novamente nos mesmos estudos.

2. No caso de estudantado de inicio de estudos, poderá alegar calquera causa que considere xustificada, sempre que explique de maneira razoada como afectou a dita causa ao seu rendemento académico. No estudantado de continuación, as causas en que se pode basear a petición son as seguintes:

a) Padecer unha enfermidade, ou estar cun tratamento médico, que lle impida dedicar o tempo necesario para desenvolver os estudos. Deberase acreditar de forma fidedigna mediante o correspondente informe médico, emitido por un servizo público de saúde ou servizo médico asimilable se o/a estudante procedese de mutualidades de que realizan o dito servizo. Esta circunstancia tamén será aplicable cando afecte a familiares por afinidade ou consanguinidade ata o segundo grao.

b) Falecemento ou necesidade acreditada de prestación persoal de coidados de familiares directos: nai e pai, cónxuxe, parella de feito, fillas e fillos ou irmás e irmáns. No caso dos coidados, deberase acreditar mediante un informe de servizos sociais.

c) Situacións extraordinarias na simultaneidade de estudos e traballo ou estudos e realización de deporte federado de alto nivel. No caso de traballo, esta circunstancia deberá ser acreditada mediante a achega do correspondente contrato de traballo, ou conxunto de contratos, ou nomeamento administrativo, ou da documentación que acredite a condición de empresario/a ou de traballador/a autónomo/a, que poñan de manifesto unha interferencia clara coa vida académica, e será necesario entregar en todos os casos a documentación xustificativa de estar dado/a de alta na Seguridade Social ou en réxime equiparable. No caso de deporte federado deberase xustificar mediante a achega da documentación que acredite que cumpre algún dos requisitos que confiren a categoría I de deportista de alto nivel UDC, sinalados no artigo 2 da Normativa do/a deportista de alto nivel da UDC.

d) Calquera outra circunstancias análoga que poida considerar o decanato ou dirección de centro como interferencia clara coa vida académica e que estea debidamente acreditada.

3. As solicitudes de autorización especial serán resoltas, por delegación das funcións da reitora ou do reitor, pola persoa titular do decanato ou dirección do centro, co informe previo da Comisión Académica da facultade ou escola.

A resolución favorable irá acompañada dun breve informe da Comisión Académica do centro, con recomendacións individualizadas de posibles accións para seguir, tales como cambio a réxime de dedicación a tempo parcial ou réxime de dedicación adaptado recollido na normativa de dedicación ao estudo, desvinculación temporal dos estudos durante un período de tempo, programas de seguimento específico, ou similares.

A resolución desfavorable producirá os efectos recollidos no artigo 6.1.

Contra a resolución caberá un recurso de reposición ante o/a reitor/a da Universidade, sen prexuízo da posibilidade de interposición daqueles outros recursos que se poidan interpoñer de acordo coa lexislación vixente.

4. No caso de resolución favorable, a/o estudante deberá cumprir os requisitos de permanencia que lle corresponder, de acordo coa súa modalidade de dedicación ao estudo, indicados no artigo 3 da presente norma.

Estes requisitos valoraranse engadíndolle ao último curso académico matriculado antes da concesión da autorización especial, os dous cursos académicos seguintes dos que se matricule o/a estudante.

5. Só se poderá conceder unha autorización especial para se matricular dentro da mesma titulación por estudante.

Artigo 8. Autorización excepcional de permanencia

1. O estudantado que nalgún momento obtivera autorización especial para se matricular tras incumplir os requisitos de permanencia e os incumpra noutra ocasión poderá solicitar, excepcionalmente e por unha soa vez, unha prórroga dun curso académico, acreditando a concorrencia dalgunha circunstancia que afectase ao seu rendemento académico.

2. A solicitude de autorización excepcional de permanencia irá dirixida á vicerreitoría con competencias na materia e deberá estar motivada nalgunha das circunstancias reflectidas no artigo 7.2.

3. Para a súa resolución, a persoa titular da vicerreitoría con competencias na materia solicitaralle un informe á dirección do centro que terá en conta a evolución da/o estudante nos estudos en que está matriculada/o así como o seu expediente académico.

4. En caso de resolución favorable, o/a estudante deberá formalizar a matrícula no curso académico para o que se lle concedeu a prórroga solicitada. Transcorrido ese curso excepcional, o/a estudante deberá cumprir os requisitos de permanencia que lle corresponder, de acordo coa súa modalidade de dedicación ao estudo, indicados no artigo 3 da presente norma.

Estes requisitos valoraranse engadíndolle ao curso de autorización excepcional, os dous últimos cursos académicos matriculados anteriormente á concesión da prórroga. Se a/o estudante non cumpre os requisitos de permanencia seralle de aplicación o establecido no artigo 6.1, sen posibilidade de solicitar a autorización especial de matrícula nin outra autorización excepcional de permanencia. A mesma regulación será de aplicación se a resolución fose desfavorable.

5. Contra a resolución da vicerreitoría con competencias na materia caberá recurso de reposición ante o reitor ou a reitora da Universidade, sen prexuízo da posibilidade de interposición daqueles outros recursos que se poidan interpoñer de acordo coa lexislación vixente.

Artigo 9. Información e seguimento do proceso

Con carácter anual, a UDC elaborará un informe de seguimento da implantación destas normas e dos seus resultados, que será presentado para o seu estudo e avaliación polo Consello Social.

Para a elaboración do dito informe, as administracións das facultades e escolas recollerán e almacenarán a información referente a todas as solicitudes de permanencia, tanto sexan estimadas como desestimadas. A partir destes datos, corresponderalle á Comisión de Plans de Estudos, delegada do Consello de Goberno, elaborar e analizar o dito informe, que será trasladado ao Consello Social.

Disposicións adicionais

Disposición adicional primeira. Estudantado de centros adscritos

Estas normas seranlles tamén de aplicación ao estudantado que se atope matriculado nos centros adscritos da UDC, que actuarán seguindo os procedementos establecidos a través dos seus propios órganos ou unidades.

Disposición adicional segunda. Difusión e publicidade

A UDC, a través dos seus respectivos centros e servizos, daralle a coñecer ao seu estudantado as normas de permanencia e progresión para continuación de estudos, ofrecerá información sobre os requisitos e trámites ao respecto e fará un labor de asesoramento ao estudantado.

Disposicións transitorias

Disposición transitoria primeira. Aplicación dos requisitos de permanencia e progresión ao estudantado de programas de simultaneidade de estudos de grao

Ao estudantado dos programas de simultaneidade de estudos de grao resultaralle de aplicación as súas propias normas de permanencia e progresión, ata que estas sexan modificadas polo Consello de Goberno por proposta das facultades e escolas que xestionan estes programas. Estes centros disporán ata o inicio do curso 2026/27 para adaptar as ditas normas a este regulamento.

Disposición transitoria segunda. Estudiantes afectados pola normativa anterior

O estudantado que se matriculou na UDC en calquera curso anterior ao 2024/25 rexerá polo seguinte réxime:

1. Estudiantes que unicamente se matricularon durante un curso académico:

a) Se o curso matriculado foi o curso 2023/24, considéranse estudantes de primeiro curso por primeira vez e deberánse aplicar os requisitos esixidos no artigo 2 desta normativa. No caso de non cumprir a normativa de permanencia, seralles de aplicación o establecido no artigo 7.1, sen necesidade de xustificar a causa do seu baixo rendemento. A autorización que se conceda producirá os efectos establecidos no artigo 7.4

b) Se o curso matriculado non foi o 2023/24:

- Se ao finalizar o curso se cumpriron os requisitos esixidos pola normativa anterior, consideraranse estudantes de continuación de estudos e deberánse aplicar os requisitos do artigo 3 desta normativa.

- Se ao finalizar o curso non se cumpriron os requisitos esixidos pola normativa anterior:

- Se cumpren os requisitos esixidos pola normativa actual, consideraranse estudantes de continuación de estudos e deberánse aplicar os requisitos do artigo 3.
- Se non cumpren os requisitos esixidos pola normativa actual:
 - ☐ Se pediron e obtiveron autorización para continuar os estudos, considerarase que fixeron uso da posibilidade recollida no artigo 7.1 desta normativa e que se atopan na situación de resolución favorable que figura no seu artigo 7.3.
 - ☐ Se pediron e non obtiveron autorización para continuar os estudos, considerarase que fixeron uso da posibilidade recollida no artigo 7.1 desta normativa e que se atopan na situación de resolución desfavorable que figura no seu artigo 7.3 e unicamente poderán solicitar a autorización excepcional de permanencia recollida no artigo 8 desta norma.
 - ☐ Se non pediron autorización para continuar os estudos, considerarase que se atopan na situación recollida no artigo 7.1 desta normativa, sen necesidade de xustificar a causa do seu baixo rendemento. A autorización que se conceda producirá os efectos establecidos no artigo 7.4.

2. Estudiantes que unicamente se matricularon durante dous cursos académicos:

a) Se ao finalizar o primeiro curso matriculado se cumpriron os requisitos esixidos pola normativa anterior, considerarase que se atopan na situación recollida no artigo 3.1 desta normativa.

b) Se ao finalizar o primeiro curso matriculado non se cumpriron os requisitos esixidos pola normativa anterior considerarase que fixeron uso da posibilidade recollida no

artigo 7.1 desta normativa e que se atopan na situación de resolución favorable que figura no seu artigo 7.3.

3. Estudantes que unicamente se matricularon durante tres cursos académicos:

a) Se o último curso matriculado foi o 2023/24, considerarase que se atopan na situación recollida no artigo 3.1 desta normativa. No caso de ter autorización de matrícula tras non cumprir a normativa de permanencia anterior, considerarase que fixeron uso da posibilidade recollida no artigo 7.1 da presente normativa.

b) Se o último curso matriculado non foi o 2023/24:

- Se ao finalizar o último curso matriculado se cumpriron os requisitos esixidos pola normativa anterior, considerarase que se atopan na situación recollida no artigo 3.1.
- Se ao finalizar o último curso matriculado non se cumpriron os requisitos esixidos pola normativa anterior:

- Se cumpren os requisitos esixidos pola normativa actual, considerarase que se atopan na situación recollida no seu artigo 3.1.
- Se non cumpren os requisitos esixidos pola normativa actual:
 - ☐ Se nunca pediron autorización para se matricular por incumplir os requisitos de permanencia da normativa anterior, considerarase que se atopan na situación recollida no artigo 7.1 desta normativa.
 - ☐ Se algunha vez pediron e obtiveron autorización para se matricular por incumplir os requisitos de permanencia da normativa anterior, considerarase que fixeron uso da posibilidade recollida no artigo 7.1 desta normativa e que se atopan na situación que figura no seu artigo 8.1.
 - ☐ Se algunha vez pediron e non obtiveron autorización para se matricular por incumplir os requisitos de permanencia da normativa anterior, poderanse acoller a esta normativa unha vez transcorran, polo menos, tres ou dous cursos académicos desde que foron apartados temporalmente da titulación de grao ou mestrado, respectivamente.

4. Estudantes que se matricularon durante máis de tres cursos académicos:

a) Se ao finalizar o último curso matriculado se cumpren os requisitos esixidos pola normativa anterior, considerarase que se atopan na situación recollida no artigo 3.1 da normativa actual e a súa situación adaptarase, a partir dese momento, ás previsións contidas no seu artigo 3.4, polo que o primeiro curso en que se matriculen a continuación iniciará un novo período de permanencia.

b) Se ao finalizar o último curso matriculado non se cumpren os requisitos esixidos pola normativa anterior, comprobarase se se cumpre a normativa actual, tendo en conta as previsións recollidas no seu artigo 3.4:

- Se cumpren os requisitos esixidos pola normativa actual, considerarase que se atopan na situación recollida no seu artigo 3.1 e constituirá o primeiro curso en que se

matriculen a continuación, o que iniciará un novo período de permanencia. De cara a futuras concesións de autorizacións de matrícula por incumprir os criterios de permanencia, terase en conta se lles foi concedida previamente algunha.

- Se non cumpren os requisitos esixidos pola normativa actual:
 - Se é a primeira vez que incumpren os requisitos de permanencia, considerarase que se atopan na situación recollida no artigo 7.1 desta normativa.
 - Se algunha vez incumpriron os requisitos de permanencia, pero obtiveron autorización para se matricular, considerarase que fixeron uso da posibilidade recollida no artigo 7.1 desta normativa, e que se atopan na situación que figura no seu artigo 8.1.
 - Se algunha vez pediron e non obtiveron autorización para se matricular por incumprir os requisitos de permanencia da normativa anterior, poderanse acoller a esta normativa unha vez transcorran, polo menos, tres ou dous cursos académicos desde que foron apartados temporalmente da titulación de grao ou mestrado, respectivamente.

En todos estes casos, se se obtén a autorización especial de matrícula ou a excepcional de permanencia, o primeiro curso en que se matriculen a continuación iniciará un novo período de permanencia.

Disposicións derogatorias

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan a esta normativa e, nomeadamente, as seguintes:

- a) Os artigos 3 e 5, o capítulo III e a disposición transitoria segunda da Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario da Universidade da Coruña, aprobada polo Consello Social do 04/05/2017.
- b) O Acordo da Comisión Executiva do Consello Social en relación á aplicación da Normativa de permanencia e progresión ao alumnado de grao e mestrado universitario pola crise provocada polo COVID-19.
- c) A Instrución da Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente, pola que se desenvolve a Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudantes de grao e mestrado Universitario da Universidade da Coruña.
- d) O apartado I sobre a interpretación dos artigos 3, 5 e 12 da Instrución da Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente sobre a interpretación de determinados artigos da Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudantes de grao e mestrado Universitario da Universidade da Coruña.

Disposición final primeira. Habilitación

Habilítase a persoa titular da vicerreitoría con competencias en xestión académica e títulos para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrución que sexan oportunas, que deberán ser publicadas no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC no caso de ter alcance xeral.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

Ricardo José Cao Abad

ANEXO. Esquema xeral do proceso de permanencia

ESQUEMA XERAL DO PROCESO DE PERMANENCIA

LEENDA ESQUEMA

- Cumpre criterios permanencia tras revisión
- Autorización de curso excepcional
- A. ESTI Non cumple criterios permanencia. Autorización especial estimada
- Non cumple criterios permanencia. Solicitud de desestimada
- Abandono temporal da titulación. Poderase solicitar a incorporación transcorridos 4 CURSOS (GRAO) / 2 CURSOS (MESTRADO)
- REV Revisión

